

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E MAIS A ASOCIACIÓN DE CRIMINÓLOGOS DE GALICIA, PARA O CUMPRIMENTO DAS PENAS DE TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE A TRAVÉS DE OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN EN SEGURIDADE VIARIA

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.


Doutra parte, **D. Felipe Miguel Pavón Grande**, no uso das atribucións que lle confire o seu nomeamento como presidente da Asociación de Criminólogos de Galicia.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

### EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, introduce no noso sistema penal, dentro das penas privativas de dereitos, as penas de traballos en beneficio da comunidade, cuxos artigos 39, 40 e 49, remiten as circunstancias de execución desta pena á vía penitenciaria, establecéndose no citado artigo 49 que os traballos en beneficio da comunidade –que non se poderán impoñer sen o consentimento da persoa penada– obríganlle a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública.

2. Que o Real decreto 840/2011, de 17 de xuño, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo en beneficio da comunidade e de localización permanente en centro penitenciario, de determinadas medidas de seguridade, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade e substitución de penas, que establece as circunstancias de execución da pena de traballos en beneficio da comunidade, considera, no seu artigo 4.1, que o traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración estatal, autonómica ou local, que a tal fin poderán establecer os oportunos convenios entre si ou con entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades de utilidade pública.





3. Que o artigo 5, punto 1, faculta ao cumprimento das penas de traballos en beneficio da comunidade –cando a natureza do delito afecte á seguridade no tráfico– mediante a participación en talleres ou en programas de educación viaria que a Administración Penitenciaria aprobe.

4. Que os cursos de sensibilización e reeducación viaria teñen por obxecto concienciar aos condutores sobre a súa responsabilidade como infractores e as consecuencias derivadas do seu comportamento, en particular, respecto a os accidentes de tráfico, así como reeducalos no respecto aos valores esenciais no ámbito da seguridade viaria, como son o aprecio á vida propia e allea, e no cumprimento das normas que regulan a circulación.

Por iso, constitúen un elemento esencial do sistema, como ferramenta principal de modificación dos comportamentos reiteradamente infractores e de sensibilización sobre as graves consecuencias en termos humanos, económicos e sociais que se derivan dos sinistros de tráfico.

5. Que a Asociación de Criminólogos de Galicia (de aquí en diante, CRIGA) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que persigue, entre outras, as seguintes finalidades:

- A colaboración coa Administración de Xustiza e con aqueloutros órganos da Administración encargados das penas establecidas no Código penal vixente, especialmente no referente ao cumprimento da pena de traballos en beneficio da comunidade dimanante dos delitos contra a seguridade viaria, facilitándolles para o efecto plans de realización, medidas de execución ou accións formativas substitutivas, así como asumindo o control e seguimento do seu cumprimento.
- A colaboración coa Administración de Xustiza na posible aplicación do artigo 83.1.6ª do Código Penal: "Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación viaria, sexual, de defensa do medio ambiente, de protección dos animais, de igualdade de trato e non discriminación, resolución pacífica de conflitos, parentalidade positiva e outros similares." Naqueles supostos en que así fose acordado polo xuíz ou tribunal sentenciador no momento de condicionar a suspensión da pena de prisión, especialmente naqueles casos relativos aos delitos contra a seguridade do tráfico.
- A colaboración coa Administración de Xustiza en todos aqueles aspectos en que, pola propia configuración da CRIGA e mais polos seus fins, obxectivos, medios e capacidade, sexa posible, sempre que fose requirida.

6. Que nos últimos 15 anos, a Asociación de Criminólogos de Galicia veu organizando e impartindo este tipo de talleres en Galicia con bos resultados cumprindo cunha función social vital, promovendo a inclusión social das persoas infractoras e das vítimas, mellorando a calidade de vida das persoas máis vulnerables e fomentando a participación cívica e o espírito de solidariedade e de cooperación.

7. Que a reincidencia nos delitos contra a seguridade viaria é un problema importante que require estratexias integrais para abordar as súas causas e fortalecer as medidas de prevención e sanción.



8. Que a Dirección Xeral de Xustiza actúa ao servizo da Administración de Xustiza e ten como finalidade que a xustiza sexa real e efectiva e que os seus resultados beneficien ao conxunto da cidadanía, contribuíndo na creación e mantemento dunha sociedade de benestar.

Prestando a súa colaboración na organización e execución dos talleres contribúe:

- Á reeducación e readaptación das persoas infractoras ofrecéndolle recursos e valores positivos e reforzando os lazos coa sociedade.
- Á prevención e redución de condutas delituosas futuras.
- Á diminución da litixiosidade consecuencia dunha minoración da interposición de novos procedementos xudiciais.
- Á redución dos custos pola incoación e execución deste tipo de procedementos xudiciais.
- A unha mellora na redistribución de medios persoais e materiais nos órganos xudiciais.

9. Que a necesidade de abordar esta situación en beneficio da sociedade en xeral e do sistema xudicial en particular xustifica a subscrición deste convenio, dando estabilidade ás colaboracións entre a Dirección Xeral de Xustiza e a Asociación de Criminólogos de Galicia.

En consecuencia, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio de colaboración consonte as seguintes

#### CLÁUSULAS:

##### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten por obxecto establecer a forma de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de Criminólogos de Galicia, para o efectivo cumprimento das penas de traballo en beneficio da comunidade nos casos de delitos contra a seguridade no tráfico, a través de obradoiros de sensibilización en seguridade viaria.

##### **Segunda.- Descrición das actuacións.**

Os servizos que xestionan as penas e medidas alternativas entrevistarán a persoa penada a traballos en beneficio da comunidade por un delito contra a seguridade viaria para coñecer as súas características persoais, a súa capacidade laboral e o seu ambiente social, persoal e familiar, a fin de determinar a idoneidade do cumprimento da súa pena a través do obradoiro ou taller correspondente.

Unha vez realizada a entrevista e apreciada a procedencia de realizar o obradoiro de sensibilización en seguridade viaria, os servizos que xestionan estas penas trasladaranlle á CRIGA a información necesaria para o axeitado desenvolvemento daquel.



As sesións do obradoiro desenvolveranse segundo a programación específica das súas fases (formativa e de actividades de utilidade pública). Para o efecto, os servizos de xestión de penas e medidas alternativas deberán atender ao principio de flexibilidade que recolle o artigo 6 do Real decreto 840/2011, do 17 de xuño, e en todo caso levaranse a cabo de conformidade coas resolucións xudiciais.

### **Terceira.- Dereitos laborais no desenvolvemento da actividade.**

O obradoiro que realice a persoa penada non será retribuído.

En ningún caso derivarán obrigas propias dun contrato laboral como consecuencia da realización dos obradoiros de sensibilización en seguridade viaria desenvolto con motivo do presente convenio.

### **Cuarta.- Control do cumprimento da pena.**

Durante o cumprimento da condena, a persoa penada deberá seguir as instrucións recibidas do/a xuíz/a de vixilancia e dos servizos de xestión de penas e medidas alternativas. En canto ao desenvolvemento das tarefas que haxa que realizar, a persoa penada deberá seguir as instrucións da unidade na que realiza o obradoiro de sensibilización en seguridade viaria, no ámbito de actuación e competencias da CRIGA.

A CRIGA informará aos servizos de xestión destas penas das incidencias relevantes que se produzan no desenvolvemento do obradoiro, para que os ditos servizos lle comuniquen o oportuno ao xulgado de vixilancia penitenciaria. En todo caso, deberá informarse de:

- Ausencias ás sesións do obradoiro ou abandonos inxustificados.
- Rendemento sensiblemente inferior ao mínimo esixible.
- Oposición ou incumprimento reiterado e manifesto ás instrucións do responsable do obradoiro.
- Conduta tal que o responsable do obradoiro se negue a mantelo nel.

### **Quinta.- Obrigas da CRIGA.**

A Asociación de Criminólogos de Galicia comprométese a organizar e realizar obradoiros de sensibilización en seguridade viaria, para as persoas penadas con traballos en beneficio da comunidade por delitos cometidos contra a seguridade viaria, nas condicións establecidas no artigo 49 do Código penal e mais no Real decreto 840/2011, de 17 de xuño.

A CRIGA, a través dos órganos ou servizos habilitados para o caso, comprométese a impartir os coñecementos precisos para que as actividades que deban desenvolver as persoas penadas poidan ser cumpridas eficazmente, e facilitará o material necesario para a realización dos obradoiros de sensibilización en seguridade viaria.

Os datos de carácter persoal das persoas penadas están afectados pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, comprometéndose a CRIGA a gardar a confidencialidade sobre eles.

### **Sexta- Orzamento e obrigas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**


A Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Asociación de Criminólogos de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xustiza, para o desenvolvemento dos obradoiros de sensibilización en seguridade viaria cun máximo de ata dezanove mil cincocentos (19.500,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Este importe supón o 100 % do orzamento presentado pola CRIGA segundo o orzamento que consta como Anexo I deste convenio, cubrindo a totalidade dos gastos incorridos pola CRIGA para a realización dos talleres realizados.

### **Sétima.- Xustificación e pagamento.**

Para proceder ao pagamento, a Asociación de Criminólogos de Galicia deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados en cada pagamento: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite de xustificación.
- Xustificación do pagamento efectuados en cada pagamento parcial: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e CIF, así como o código de banco, código de sucursal, dígito control e código de conta corrente.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.



- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o **7 de decembro de 2026**.

En todo caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reserva para si o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

#### **Oitava.- Vixencia do convenio.**

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

#### **Novena. Publicidade.**

En toda difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recolleitas no presente convenio, farase referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Asociación de Criminólogos de Galicia, incluíndose a imaxe corporativa de ambas as dúas institucións.

#### **Décima.- Comisión de seguimento.**

1. Créase unha comisión mixta de seguimento encargada de velar polo exacto cumprimento do establecido no presente convenio, de resolver os problemas de interpretación e mais as incidencias que poidan xurdir na súa aplicación, e de estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.

2. A comisión mixta estará integrada polos membros relacionados a seguir, ou pola persoa en quen deleguen:

Por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- A persoa titular da dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia da dita Comisión e terá voto dirimente.
- A persoa titular da subdirección xeral de Medios da Administración de Xustiza.

Por parte da Asociación de Criminólogos de Galicia:

- A persoa que ostente a Presidencia.
- A persoa que ostente a Secretaría.



3. Así mesmo, poderán formar parte da comisión o persoal técnico que se considere oportuno en función dos temas a tratar.
4. A comisión reunirse polo menos unha vez ao ano, e sempre que o solicite unha das partes.
5. O funcionamento da Comisión Mixta de Seguimento axeitarase ao previsto, para os órganos colexiados, no título preliminar, capítulo II, sección terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Décimo primeira.- Resolución.**

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. A resolución por incumprimento das súas cláusulas por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ou por parte da Asociación de Criminólogos de Galicia.
2. O acordo, para o efecto, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de Criminólogos de Galicia.
3. A desaparición das condicións que serven de base para a súa realización.

#### **Décimo segunda.- Modificación.**

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas partes que asinan este convenio.


#### **Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio de colaboración non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de maneira que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

#### **Décimo cuarta.- Natureza e interpretación.**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.





A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Os acordos correspondentes porán fin a vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo recorribles ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

#### **Décimo quinta.- Portal de Transparencia.**

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Décimo sexta.- Protección de datos.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Pola Consellería de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Pola Asociación de Criminólogos de  
Galicia

Felipe Miguel Pavón Grande



### ANEXO I: Orzamento presentado pola CRIGA.

En colaboración cos "Servizos de Xestión de Penas e medidas Alternativas" de II.PP. da Coruña e "Servizos de Xestión de Penas e medidas Alternativas" de II.PP. de Ourense e en reunión celebrada o 22 de xaneiro de 2026 coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, concordouse a realización talleres de sensibilización para os penados en delitos contra a seguridade viaria conforme ao disposto no artigo 49 do Código penal e no RD840/2011, do 17 de xuño, sendo un total de sete (7) talleres a realizar no ano 2026.

Estes serán impartidos como se vén realizando desde o ano 2009, por convenio coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, os sábados de 10:00h a 14:00h, sendo o cumprimento de oito sesións, para que, os penados en situación laboral poidan realizar a condena de Traballo en Beneficio da Comunidade fóra da súa xornada laboral.

#### DISTRIBUCIÓN TALLERES

<b>Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas" de II.PP. de A Coruña.</b>	
2 Talleres	Casa das asociación, antiga estación de Cornes, rúa Manuel Beiras Nº3, o Centro sociocultural e Xuvenil O Ensanche, rúa de Frei Rosendo Salvado Nº16. Santiago de Compostela.
2 Talleres	Centro Cívico Antigo Hospicio rúa Mendez Nuñez S/N. Ferrol.

<b>Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas" de II.PP. de Ourense.</b>	
3 Talleres	Centro Socio Cultural "A PONTE" rúa Eulogio Gómez Franqueira Nº 43. Ourense.

#### DESAGREGACIÓN DE GASTOS POR TALLER

	Gastos persoal	Dirección e coordinación	IVE (21%)	TOTAL
<b>1º Taller Horas: 32 Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€



<b>2º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
<b>3º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
<b>4º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
<b>5º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
<b>6º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
<b>7º Taller</b> <b>Horas: 32</b> <b>Días: 8 sábados</b>	Poñente: 54€/h + 21% IRPF (11,34€) = 65,34€/h x 32h = 2.090,88 €	200,00 €	481,08 €	2.771,96€
			<b>TOTAL</b>	<b>19.403,72 €</b>